

Comentarios publicados no [blog da Biblioteca do ies Sánchez Cantón](#) no curso 07-08

1.- Este libro gustoume porque trata dun rapaz que xogaba ao fútbol a pesar da súa lesión nunha perna. Antón, que é o protagonista do conto, tiña moi bos amigos e facían todo por velo contento. Ata lle axudaban a pagar a súa hora para falar cunha rapaza chamada Gloria que vivía en México e que a pesar de ser rica non tiña nada porque lle faltaba o máis importante que son os amigos. Recomendo este libro para que vos deades conta do que vale termos bos amigos. **(Jaime)**

2.- A min gustoume este libro porque a súa historia é moi divertida. O que é gracioso é que cando a nai de Antón lle fai unha especie de interrogatorio cando está a punto de saír con os seus amigos na Praza Vermella. Os pais de Gloria parecéronme moi malos na educación da súa filla porque se esquece de cumprir dela e nunca lle dá tempo de facer amigos (porque sempre están de viaxe). **(David)**

3.- A min este libro gustoume porque fala do importante que é ter bos amigos, coma os de Antón, que fan todo o posible para que el se entretese. Por outra pare, Gloria non pode ter "amigos da alma". Porque os seus pais sempre están de viaxe. Os amigos de Antón páganlle cen pesos para que estivese unha hora navegando pola rede, e falando con Gloria María. **(Pablo)**

4.- O libro gustoume moito. Poucos libros teñen un personaxe tan especial. A min pareceume que os amigos de Antón son moi bos, porque sempre pensaban nel. O libro pareceume curto. **(Gonzalo)**

5.- Este libro, *Amigos en tempo real*, gustoume ata certo punto. Agradoume porque trata da verdadeira amizade e os amigos aínda que Antón, o protagonista, ten unha perna mal non o discriminan e son bondadosos con el, tanto que cumpran o desexo de Antón de pasar unha hora no mundo da Informática; en lugar de mercar un novo balón de coiro. Pero non me gustou iso de que foran pagarlle un viaxe a México para ver a Gloria María, pareceume excesivo xa que oito nenos non creo que xuntando as súas pagas poidan pagar algo tan caro. O desenlace tampouco me gustou moito, preferiría que... Pero en xeral esta moi ben. **(Verónica)**

6.- O libro trata sobre a aventura que ten que desempeñar Antón, un rapaz que por desgraza ten unha perna ortopédica, non ten moita mobilidade e os seus amigos, que lles gusta moito o fútbol, intentan axudalo para que o pase ben. E de María que non ten amigos íntimos por que os seus pais sempre viaxan por asuntos de negocios; os dous rapaces xúntanse por Internet un día e fanse moi amigos. Este libro a min gustoume bastante porque é bonito ver como os dous rapaces se xuntan e despois os dous rapaces superan os seus problemas. Recoméndolle este libro aos rapaces que lle guste Internet. **(Rubén)**

7.- O libro en xeral non me gustou porque a historia non me pareceu moi orixinal. O libro ten de bo que expresa a importancia de ter bos amigos, pero iso de que lle paguen unha viaxe a México pois non me pareceu moi realista, porque ao fin e ao cabo son só nenos e iso o decidirían os seus pais. Ó final paréceme que habería que completalo dalgún modo. Doulle un 5 raspado. **(Alfonso)**

8.- O libro gustoume moito. É moi ameno e divertido. Unha das miñas personaxes preferidas é Antón, porque é capaz de "gozar" a pesares de ter unha minusvalía na súa perna. Tamén me gusta Gloria. Non me gusta moito a nai de Antón porque me parece que o sobreprotexe, e tampouco os pais de Gloria, porque se preocupan demasiado pouco da súa filla. Recoméndolle este libro a todo tipo de persoas, en especial ós que pensen que tódolos libros son aburridos, longos e nada amenos, porque este libro demostra todo o contrario. **(Marta)**

9.- *Amigos en tempo real* é un conto moi divertido. Está baseado na historia dun neno galego que ten un aparello ortopédico nunha perna que lle pecha as portas a moitas cousas e dunha nena que vive en México sen amigos e uns pais que están pouco na casa. Estes dous personaxes coñécense por internet. Gustoume moito, sobre todo a parte na que a nena ía buscar auga e encontrouse cunha especie de pantasma que resultou ser **(Javier)**

10.- Ola! Son **Paula**. Quero dicir que aínda non rematei o libro. Pero fago un comentario do que levo lido. Polo de agora gustoume bastante, pero non sei como vai rematar. Espero que ben. A min dáme moita pena Antón, porque ten o aparello na perna e lle impide moverse ben. Tamén me dá pena Gloria, porque non ten ningún amigo/a. Espero que ó final da historia sexan felices.

11.- Este libro ten como protagonistas, por un lado a Antón, un neno cun aparello ortopédico na perna que limita un pouco a seu movementos, e por outro, a Gloria María, unha nena que vive en México DF, que non ten pode facer amigos porque os seus pais viaxan moito e cre que non é guapa porque ten grans na cara. Antón conta con moi bos amigos que sempre intentan que participe nos xogos, incluso o fútbol, e xuntan cartos entre todos para que el pase

unha hora en internet á semana. Os dous cumpren anos o mesmo día e xusto o día do seu aniversario coñécense e fanse moi bos amigos. Ao principio non me resultou entretido pero despois gustoume moito. Fíxome graza a anécdota que lle pasou a María, a que coidaba a Gloria María, cando era pequena e foi a buscar auga. Gustoume a forma de pensar do pai de Antón que sempre vía todo positivo. Tamén me gustou a axuda que lle prestaban os seus amigos, e esta é unha diferenza deste libro ao de *Ás de mosca para Anxo* onde a nena non estaba tan apoiada polos seus compañeiros. O final parece que promete unha continuación, porque a nena ... **(María)**

12.- Este libro gustoume moito, foi un pouco curto. Neste caso Antón foi un personaxe especial e tamén é unha pena a súa perna ortopédica. Eu creo que iso de coñecer xente por internet está moi ben. **(Marcos)**

13.- *Amigos en tempo real* son Antón, que é un neno que ten un aparato ortopédico na perna que non lle permite xogar cos seus amigos ao fútbol; hai tempo abriron unha tenda de informática preto da Praza Vermella pola que Antón tiña moito interese, os seus amigos querían comprar un balón de coiro pero Antón non podería xogar. Entón deciden que o diñeiro do balón usaríano para que Antón tivera unha hora en internet. Cando navega por internet entra nun chat no que coñece a unha nena e empezan a facerse amigos, Gloria María ten un problema, non ten amigos polos constantes cambios de residencia dos seus país. Antón preséntalle os seus amigos a través da rede e xorde entre eles unha verdadeira amizade. Este libro gustoume pola relación de amizade que hai entre os protagonistas e dende logo é moi recomendable. **(Jacobo)**

14.- O libro pareceume moi divertido e ameno. Trata a historia dun rapaz de 12 anos cunha minusvalía e Gloria, unha rapaza que non se relaciona polos seus continuos cambios de residencia. O que máis me gustou foi a boa intención coa que os amigos de Antón, o protagonista, intentaban que non se sentise apartado do grupo. O meu personaxe favorito foi o pai de Antón, que intentaba dicirlle as cousas con tranquilidade para tranquilizalo. Gustaralle a todo o mundo que o lea, aínda que a máis de un, coma a min, resultaralle un pouco curto. **(Lois)**

15.- Este libro é de fácil lectura, mantendo o interese ata o final. Trata sobre un rapaz chamado Antón que ten un problema nunha perna e por iso non pode xogar ó fútbol cos seus amigos. Sen embargo, desde hai un tempo atráeo unha tenda de informática no barrio; a súa ilusión é entrar e navegar pola rede. Os seus amigos queren axudarlle e para iso xuntan todos os seus aforros para poderlle dar a Antón unha hora en internet. Por outro lado, unha nena chamada Gloria María, residente en México D.F., está triste porque os seus pais non lle prestan atención e sempre se están mudando por motivos de traballo. O día do seu cumpre (o mesmo día co da Antón) entra nun chat e comeza a falar cun neno chamado Antón. Antón lle dixo que se conectaría ó chat todos os sábados, e así foi como cada semana falaba con ela. Gloria pensa que ... e transmite esta noticia a Antón. O cabo dunhas semanas dille que non ... e el entrístécese, non ten ganas de nada. Os amigos para animalo idean un plan...; coa ilusión da noticia, Antón volve a ... como nunca o fixera. O relato trata sobre a ilusión que xera en dous nenos a amizade; a pesar da distancia que os separa, internet os achega. **(Pablo)**